

## **Lei 9/1989, do 18 de xullo, pola que se asignan os créditos iniciais que serán xestionados polo Servicio Galego de Saúde**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 392, do 16.6.1989.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 128, do 20.6.1989; BOPG núm. 402, do 7.7.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 131, do 11.7.1989.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 406, do 17.7.1989.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 140, do 21.7.1989.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 258, do 27.10.1989.

## **Lei 9/1989, do 18 de xullo, pola que se asignan os créditos iniciais que serán xestionados polo Servicio Galego de Saúde**

A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, crea o Servicio Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo coa finalidade de xestionar los servicios sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos los recursos sanitarios e asistenciais existentes no seu territorio, no ámbito da súa competencia.

O artigo 17 da citada Lei establece o réxime presupostario que lle corresponde ó dito organismo e a Disposición Adicional determina que a Xunta de Galicia dotará o Servicio Galego de Saúde, dentro das disponibilidades presupostarias, das partidas necesarias para o cumprimento dos seus fins.

Por todo isto considérase necesario asignar aqueles créditos do estado de gastos da Consellería de Sanidade que serán xestionados inicialmente polo Servicio Galego de Saúde.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente,

promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se asignan os créditos iniciais que serán xestionados polo Servicio Galego de Saúde.

### Artigo único

Acórdase que o organismo autónomo Servicio Galego de Saúde xestione os créditos do estado de gastos da Consellería de Sanidade correspondentes ós programas 312A e 313A.

### Disposición derradeira primeira

Facúltase ó Consello da Xunta para dictar las disposicións necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente Lei.

### Disposición derradeira segunda

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1989

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente